

# REGIONS4PERMED

Interregional Coordination for a fast and deep uptake of Personalised Health

A Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) en colaboración co Servizo Galego de Saúde e coa Consellería de Sanidade, participa en calidade de socio no proxecto REGIONS4PERMED. REGIONS4PERMED enmárcase no programa H2020 como accións de apoio (CSA) ao Consorcio Internacional de Medicina Personalizada baixo a convocatoria con referencia SC1-HCO-2018-2019-2020, e céntrase en aspectos rexionais.

**REGIONS4PERMED** busca establecer un diálogo continuo entre a comunidade europea de Medicina Personalizada. Reúne ós responsables da toma de decisións (autoridades rexionais) e as partes interesadas en talleres e conferencias intersectoriais e interrexionais organizados sobre cinco áreas temáticas clave.

Perséguense os seguintes **Obxectivos Específicos**:

- Organizar o diálogo técnico entre rexións en torno a cinco áreas estratégicas clave e a través de cinco talleres temáticos.
- Proporcionar un Plan de Acción final das áreas estratégicas.
- Establecer un HUB de iniciativas e asociacións europeas sobre Medicina Personalizada (PerMed HUB).
- Contribuír á realización do Plan de Acción de IC PerMed.
- Proporcionar directrices en forma de Informes ás autoridades rexionais sobre como a Medicina Personalizada pode impulsar as economías locais e manter a UE competitiva.
- Proporcionar directrices en forma de Informe sobre como abordar a Medicina Personalizada dentro das Estratexias de Especialización Intelixente.
- Crear e manter unha base de datos de proxectos e programas en saúde personalizada innovadora de investigación / innovación / programas de monitoreo e proxectos que se poidan replicar facilmente noutros lugares.



Socios do proxecto:

- Fondazione Toscana Life Sciences TLS
- Sachsisches Staatsministerium fur Wissenschaft und Kunst SMWK
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde ACIS
- Urzad Marszalkowski Wojewodztwa Dolnoslaskiego UMWD
- Fondazione Regionale per la Ricerca Biomedica FRRB
- Uniwersytet Medyczny im Piastow Slaskich we Wroclawiu WMU

Orzamento total: 1.677.500,00 EUR

Páxina web do proxecto: [www.regions4permed.eu](http://www.regions4permed.eu)

## INFORMES

Key Area 1 - Big Data, Electronic Health Record and Health Governance

Key Area 2 - Health Technology in Connected & Integrated Care

Key Area 3 - Personalising Health Industry

KA4 Report - Innovation Flow in the Healthcare (liderado por ACIS)

KA4 Best Practices Booklet - Innovation Flow in the Healthcare (liderado por ACIS)

KA5 Report - Tackling ethical, economical, legal and social aspects of Personalised Medicine

Plan de Acción Regions4PerMed

## PUBLICACIONES

2019 - Interregional Coordination for a Fast and Deep Uptake of Personalised Health

## KEY AREA:

Conferencia Final do proxecto europeo Regions4PerMed en Bruxelas para coordinar e impulsar a Medicina Personalizada a nivel rexional



## INNOVATION FLOW IN THE HEALTHCARE

Conferencia  
“Innovation Flow  
in the Healthcare”

English

Rexístrate online na Conferencia Final e entrega de Premios ás mellores prácticas en Medicina Personalizada do proxecto Regions4PerMed que se celebrará en Bruxelas os días 21 e 22 de marzo



Presenta a túa candidatura aos premios ás mellores prácticas en medicina personalizada organizado polo consorcio do proxecto Regions4PerMed



Galicia participa na conferencia sobre o papel das rexións europeas para achegar a medicina personalizada aos cidadáns organizada no marco do proxecto Regions4PerMed en Bruselas



Rexístrate na conferencia online “Achegar a medicina personalizada aos cidadáns: o papel das rexións europeas” do día 22 de marzo no marco do proxecto Regions4PerMed



A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde acolle o workshop sobre o impulso da innovación en medicina personalizada no marco do proxecto europeo Regions4PerMed



ACIS organiza a conferencia do proxecto europeo Regions4PerMed sobre o impulso da innovación dentro do sistema sanitario

